



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE XULLO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1143/2017.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para a execución de dous núcleos de escaleiras para a comunicación vertical nas plantas altas do edificio do pavillón modernista situado na rúa Carretas nº 33.

LIC/348/2018.- SANTIAGO SUR GALICIA, S. L.- Conceder licenza para a construción dun edificio para 36 vivendas, 2 oficinas e local comercial na Travesía da Poza – Esquina rúa María Casares – Manzana 13 – SUP-6.

LIC/162/2018.- SOUTO CANEDA CONSTRUCCIONES, S. L.- Conceder licenza para executar obras de substitución de cuberta e reparación de fachada de vivenda unifamiliar situada na rúa San Pedro nº 58.

LIC/2037/2017.- JUAN JOSÉ ÁLVAREZ CARRIL.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para reforma de vivenda unifamiliar e construción dunha edificación auxiliar na rúa de Sar nº 35.

LIC/2177/2017.- GALIVIVIENDA SOCIEDAD COOPERATIVA.- Conceder licenza para a construción de 6 vivendas unifamiliares e garaxe común na parcela A2 do SUNP-11 do Castiñeiriño

LIC/120/2018.- GERMÁN MOSTEIRO MARTINEZ.- Conceder licenza para substitución de cuberta, previsión de ventilación e eliminación de teito de planta segunda no inmovible situado na rúa Caldeirería nº 1 e rúa do Castro nº 4.

LIC/933/2008.- URBI LUCSA.- Conceder licenza para a construción dun edificio de 2 plantas de soto, semisoto, planta baixa, 3 plantas e baixocubeta para 14 vivendas, locais comerciais e garaxes na rúa do Valiño nº 25, 27, 29, 31.

LIC/827/2018.- HIJOS DE RIVERA, S. A.- Conceder licenza para executar obras de reforzo estrutural puntual en nave industrial existente situada na rúa Lituania nº 14.

LIC/1584/2017.- MARÍA TERESA CASTRO GONZÁLEZ.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para executar obras de rehabilitación de edificio de vivendas en rúa Tabaniscas nº 25.

LIC/2112/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. DE LUGO 255.- Conceder licenza para adecuación de vestíbulo, escaleiras e rellanos para instalación de ascensor en edificio existente situado na Avda. de Lugo nº 255.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a execución de dous núcleos de escaleiras para a comunicación vertical nas plantas altas do edificio do pavillón modernista situado na rúa Carretas nº 33.LIC/1143/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dun edificio para 36 vivends, 2 oficinas e local comercial na Travesía da Poza - Esquina rúa María Casares - Manzana 13 - SUP-6. LIC/348/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a execución de obras de substitución de cuberta e reparación de fachada de vivenda unifamiliar situada na rúa San Pedro nº 58. LIC/162/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para reforma de vivenda unifamiliar e construción dunha edificación auxiliar na rúa de Sar nº 35. LIC/2037/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción de 6 vivendas unifamiliares e garaxe común na parcela A2 do SUNP-11 do Castiñeirío. LIC/2177/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a substitución de cuberta, previsión de ventilación e eliminación de teito de planta segunda no inmovible situado na rúa Caldeirería nº 1 e rúa do Castro nº 4. LIC/120/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dun edificio de 2 plantas de soto, semisoto, planta baixa, 3 plantas e baixocubeta para 14 vivendas, locais comerciais e garaxes na rúa do Valiño nº 25, 27, 29, 31. LIC/933/2008. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a execución de obras de reforzo estrutural puntual en nave industrial existente situada na rúa Lituania nº 14. LIC/827/2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para executar obras de rehabilitación de edificio de vivendas en rúa Tabaniscas nº 25. LIC/1584/2017. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a adecuación de vestíbulo, escaleiras e rellanos para instalación de ascensor en edificio existente situado na Avda. de Lugo nº 255. LIC/2112/2017. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á encomenda ao Consorcio da cidade de Santiago dos traballos de redacción do Plan Especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zona de acceso e núcleos de contorno PE-1R. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro de Relacións Veciñais relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante 2018. Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións, á que se destina un orzamento total de 100.000 euros.

14.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local 2018. Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria, á que se destinan un total de 40.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á iniciación do procedemento, aprobación das bases e convocatoria de subvencións para o fomento de programas e

actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo LGTBQI, e de prevención e loita contra as violencias machistas para 2018. Acórdase iniciar o procedemento de aprobación das bases e convocatoria de subvencións, á que se destina un orzamento total de 30.000 euros. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

16.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa ao proxecto modificado das obras de instalación de electricidade para campo deportivo e vestiarios no campo de fútbol de Lamas de Abade. Acórdase autorizar a redacción dun proxecto modificado das obras, que non implicará incremento orzamentario nin ampliación do prazo inicialmente previsto para a súa execución. Durante o periodo de tempo necesario, a parte das obras afectadas polo modificado permanecerá paralizada.

17.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa ao inicio de procedemento sancionador contra a empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA. Asunto: subrogación de persoal no expte. CON/38/2016. Acórdase iniciar un procedemento sancionador contra a empresa Lacera pola presunta comisión da infracción de carácter moi grave tipificada no artigo 25 do prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, con multa de ata 30.050,60 euros ou resolución do contrato.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa ao "servizo de radiocomunicacións Trunking de voz e datos para o servizo da policía local do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 78.756,48 euros, IVE incluído.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de Accesibilidade en Fontiñas. Orzamentos Participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa 2000 Joscon Construcciones SL, por un importe de 57.475 euros, IVE incluído.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa ao "subministro para a modernización das instalacións de iluminación no pavillón Polideportivo de Vite. Orzamentos Participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Ferrovia Servicos SA, por un importe de 21.089,4 euros, IVE incluído.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa a "obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ao Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa)". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa F.Gómez y CIA SL, por un importe de 181.565,34 euros, IVE incluído.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de "Subministro para a modernización das instalacións de iluminación no pavillón polideportivo de Fontiñas. Orzamentos Participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Ferrovia Servicos SA, por un importe de 18.755,29 euros, IVE incluído.

23.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao subministro de pezas de recambios de automoción para os vehículos e maquinaria do Excmo. Concello de Santiago de Compostela. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a contar desde o 21 de xullo de 2018. O gasto previsto é de 75.000 euros.

24.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao nomeamento dos membros da comisión de avaliación para o proceso de convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividades culturais 2018-2019. (Entidades sen ánimo de lucro). Apróbase a proposta.

25.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao nomeamento dos membros da comisión de avaliación para o proceso de convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividades culturais 2018-2019. (Empresas). Apróbase a proposta.

26.- Proposta da concelleira delegada de Turismo relativa á anulación dos puntos nº 111 da sesión de 20.4.18, que daba conta da concesión do proxecto "Tropa Verde, Rewarding Recycling!" e nº 23 da sesión de 22.6.18, de corrección de erros da dación de contas da concesión do citado proxecto. Apróbase a proposta.

27.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.

28.- Dar conta da concesión da subvención para a convocatoria do programa FO207: subvencións para o mantemento de Conservatorios e Escolas de música e de danza municipais durante 2018. Dase conta da subvención concedida pola Deputación da Coruña para a Escola Municipal de Música e Danza de Santiago, por un importe de 10.000 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa á aprobación do proxecto técnico de rehabilitación do local de planta baixa e do xardín de Afundación da Praza Salvador Parga Nº4-5. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 282.030,62 euros, IVE incluído, e cun prazo de execución de tres meses.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto por Extraco, Construcciones y Proyectos S.A. con data de 7 de marzo de 2011 contra a Resolución do Consello de Administración de 31 de xaneiro de 2011 e da solicitude de revisión dos apartados C e D do acordo de 13/10/2010 e revisión de intereses de demora de liquidación. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa ao inicio dun expediente por incumprimento do contrato de mellora das instalacións do alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago, fase II. Acórdase o inicio do expediente á empresa Cobra Instalaciones y Servicios, dándolle audiencia por un prazo de 15 días hábiles con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á posta a disposición da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción da nova estación de autobuses. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato de execución das obras de mellora e rehabilitación de pavimentos en viarios das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballedo, San Caetano e Laraño (POS 2016). Acórdase iniciar o expediente dando audiencia ao contratista Obras y Viales Cerne S.L, por un prazo de 15 días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa ao inicio dun expediente por incumprimento do contrato de mellora das instalacións do alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago, fase IV. Acórdase o inicio do expediente á empresa Cobra Instalaciones y Servicios, dándolle audiencia por un prazo de 15 días hábiles con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos.

7.- Proposta de alcaldía relativa á interposición de recurso contencioso administrativo perante a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia no

recurso interposto pola sociedade mercantil Esproade S.L. Acórdase trasladar a citada resolución á mesa de contratación para a adxudicación do servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización dos diferentes programas educativos e as actividades da Escola Municipal de Música de Santiago, e acórdase interpoñer recurso contencioso administrativo contra a resolución perante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

8.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.